

ZAPATARTE

CEIP EMILIO DE NAVASQUÉS
Cruceiro de Roo. Outes

M^a Angeles Paredes Villaronga

SINOPSE

Intervencións sobre calzado, usado como soporte creativo, para experimentar técnicas artísticas con material de refugallo.

2º e 3º Ciclo de Educación Primaria

INDICE

PORTADA:

Título

Centro

Autor do traballo

Sinopse do traballo

Delimitación do campo de traballo

MEMORIA DESCRIPTIVA:

XUSTIFICACIÓN

OBXECTIVOS

CONTIDOS

METODOLOXÍA

TEMPORALIZACIÓN

ORGANIZACIÓN DE ESPAZOS E TEMPOS

ACTIVIDADES

PLAN DE AVALIACIÓN

XUSTIFICACIÓN

Este proxecto foi desanrolado polo alumnado do 2º e 3º Ciclo de Ed. Primaria do CEIP Emilio de Navasqués o longo do curso 2006-2007, nas sesións de Ed. Plástica.

Prantexeime este traballo como ferramenta para conseguir como obxectivo principal espertar no alumnado o gusto polo mundo da arte, tentando un achegamento a distintas artistas e correntes da arte contemporánea, e da man dos que nos mergullamos no mundo da fantasía dunha forma lúdica, usando como fío conductor do traballo e sobretudo como soporte de experimentación un obxecto atípico a tal fin, pero usual no noso entorno máis inmediato como é.....”un zapato”.

“Zapateando”, fantaseamos e mediante a intervención sobre este obxecto tan próximo, familiarizámonos con distintas técnicas plásticas; construímos, consensuamos, experimentamos coa cor, a forma e a imaxinación rescatando ademáis para todo iso o importante recurso que nos ofrece o material de refugallo que anega o noso entorno inmediato sin que sexamos conscientes do seu potencial artístico-lúdico.

OBXECTIVOS:

Obxectivo principal:

-

Despertar no alumnado o gusto polo mundo da arte, tentando un achegamento a diferentes correntes e artistas da arte contemporánea que

motiven a súa inquedaanza pola experimentación sobre un soporte inusual que forma parte do noso entorno inmediato .

Obxectivos específicos:

- Aproximar o alumnado a producións artísticas dunha forma creativa e lúdica.
- Despertar o gusto por visitas a museos e galerías da arte.
- Coñecer e valorar manifestacións artísticas do mundo contemporáneo, fora e dentro do noso patrimonio cultural galego.
- Recoñecer en diversas manifestacións artísticas a experiencia e percepción de homes e mulleres, e traballar nese sendo a modo de... “Expresionistas e Surrealistas”.
- Potenciar o respecto pola creación e polas obras que xurdan propias e alleas.
- Desenrolar e potenciar as posibilidades creativas do alumnado.
- Favorecer a experimentación con diversos materiais.
- Explorar os recursos que nos ofrece un soporte alternativo.
- Valorar e descubrir as posibilidades expresivas que nos aporta a material de refugallo.
- Potenciar o respecto e coidado no uso do material e fomentar a actitude de compartilos.
- Indagar nas posibilidades da dor, tonalidade, gamas e contrastes. Mesturando e utilizando diversas clases de pinturas e instrumentos.
- Apreciar e valorar o sentido estético das obras desenvolvendo un xuício crítico.

- Descubrir e experimentar o gusto por componer, construír, descontextualizar e intervir obxectos diversos.
- Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica diferentes do propio e dos modos dominantes no entorno, superando esteriotipos e convencionalismos.
- Coñecer e respetar outras ideas.
- Desenrolar o traballo en equipo valorando as vantaxas creativas que nos aporta.
- Despertar actitudes de flexibilidade, interés e tolerancia superando inhibicións e rechazando discriminacións.
- Aproveitar as posibilidades de creación, discusión, colaboración, crítica e análise dos traballos que se fan en equipo.
- Conseguir un clima de colaboración, empatía, participación e cordialidade entre os participantes no desenrolo da presente unidade didáctica.

CONTIDOS:

- Interese por dialogar ante unha obra de arte, intentando asociar aspectos da obra coas sensacións.
- Documentación de formas artísticas representativas de correntes contemporáneas, expresionismo abstracto e surrealismo.
- Información de artitas extranxeiros e galegos representativos:
 Surrealismo: René Magritte, Salvador Dalí, Eugenio Granell.
 Expresionismo abstracto: Jackson Pollock, Menchu Lamas.

- Identificación de aspectos relativos a algunhas obras de arte traballadas na aula.
- Emprego da T.I.C. para recoller información.
- Interese por buscar información sobre artistas e a súa obra para elaboración de carteis.
- Recreación de obras de arte significativas de cultura galega reflexionando sobre o proceso seguido pola persoa que o realizou.
- Composición de pezas recreando as obras artísticas analizadas previa busca de información sobre a obra, época de elaboración, autora ou autor; traballando a modo de ...Jackson Pollock ou Menchu Lamas.
- Identificación da variedade de técnicas e materiais da expresión plástica.
- Observación e reflexión do proceso de transformación de diversos materiais.
- Fomento da fantasía.
- Valoración positiva da diversidade de opinións e gustos relacionados coa expresión plástica.
- Exploración de formas e texturas.
- Búsqueda das posibilidades da cor sobre diferentes texturas.
- Experimentación das posibilidades de transformación dos materiais.
- Elaboración de obras plásticas empregando técnicas mixtas, diferentes texturas, materiais variados, distintos instrumentos de aplicación e soportes.

- Incorporación progresiva o vocabulario dalgunha terminoloxía propia da linguaxe plástica: surrealistas, expresionistas, soporte, acrílico, aguada, ...
- Apreciación da orixinalidade.
- Aproveitamento das posibilidades que ofrece o material de refugallo.

METODOLOXÍA:

- Motiva-lo alumnado por medio da presentación dun obxectivo atractivo pola curiosidade e sorpresa que desperta a súa presenza na aula como protagonista dun taller creativo.
- Ofrecer ó alumnado as T.I.C. como instrumento para recoller información sobre as distintas correntes artísticas e artistas que se traballaron.
- Ofrecerlle tamén material impreso con atractivas fotografías: cadernos, libros de arte, etc.
- Espertar no alumnado o compromiso de recopilar material para desenrolar o taller, calzado usado e todo tipo de material de refugallo que lles poidera resultar atractivo.
- Facer reunións cos pais para supervisar a recolleita do calzado de todo tipo que podía ter sido de calquer membro da súa familia, facilitando así diferentes tamaños e modelos, e que tiña que vir en boas condicións hixiénicas para a súa posterior manipulación polo alumnado.
- Promover visitas a salas de arte onde o alumnado poidese tomar contacto de primeira man coas obras da arte.

- Promover discusión e postas en común de ideas nas sesións prácticas.
- Aplicar o aprendido no noso “especial soporte” na aula de plástica mediante un activo proceso de experimentación.

TEMPORALIZACIÓN:

As actividades leváronse a cabo no noso centro “CEIP Emilio de Navasqués” o longo do curso 2006-2007, comencamos en Outubro e rematamos en Xuño coa exposición das obras elaboradas no taller de plástica das intervencións sobre calzado na biblioteca do centro.

ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS E DE TEMPOS:

Os espazos:

O taller de intervencións sobre calzado levouse a cabo sempre na aula de plástica do centro pola facilidade de dispoñer alí de todo o material tanto plástico como de refugallo.

Tamén se confeccionaron na aula de plástica os carteis relativos aos diferentes artistas que traballamos, así como os murais sobre portas vellas recicladas do colexio que traballamos a modo de ...”Jackson Pollock” e “Menchu Lamas”.

Na biblioteca tivemos ocasión de acceder a información que nos achegan as T.I.C., accedendo a internet e usando o cañón de proiección.

Outros espazos foron ofrecidos nas visitas a:

- Fundación Granell de Santiago para admirar a obra surrealista de Eugenio Granell.
- CGAC tamén en Santiago para ver unha exposición da artista expresionista galega Menchu Lamas.

Coas obras resultantes do taller de Intervencións sobre calzado fíxose unha exposición na biblioteca do noso centro estando a disposición das visitas dos pais do alumnado.

Os murais sobre portas recicladas están penduradas decorando paredes do noso centro.

Os tempos:

O proxecto desenrolouse o longo de todo o curso en sesións de unha por semana nas clases de Ed. Plástica.

O taller de calzado foixe desenrolando de forma simultánea ó estudio de correntes e artistas.

As visitas as exposicións foron no 1º e 2º trimestre, suxeitas a programación da Fundación Granell de o CGAC.

ACTIVIDADES:

Actividad permanente:

Taller de calzado.

O taller de calzado comenza na 1º sesión ca recolleita de material que o alumnado aporta das súas casas, logo repártense as pezas por elección libre despois de estar expostas na aula.

Este taller é sempre simultáneo o resto de actividades que se describirán a continuación, sempre permanece aberto e activo

recollendo a experiencia que se levan a cabo nas actividades paralelas que se describirán e que son puntuais.

Neste taller leváanse a cabo actividades de todo tipo. Defindidas por eles como expresionistas, surrealistas e de libre expresión:

Experimentáronse técnicas como : collage, goteo, salpicado, estarcido, decorado, cosido, modelado, construción, recortado, plastificado, montaxes eléctricos, entelado, arrugado de tea ou papel, pegado de serrín ou area, etc.

Actividades paralelas:

1. Buscamos información sobre o surrealismo en Internet.
¿Qué é o surrealismo?, ¿Con qué vivencias o asociamos?, ¿Qué nos suxire?.Eleximos un artista europeo representativo deste movemento artístico. René Magritte. Lemos sobre a súa vida. Visionamos a súa obra e comentamos sensacións.
2. Os alumnos elaboran colaxes surrealistas, cos traballos elabórase un mural de papel.
3. Con recortes de fotografías aportadas polos alumnos elabórase o cartel de obras do artista belga.
4. O alumnado participa no III Certamen de Arte Escolar Eugenio Granell, Decembro 2006. Resultan premiadas dúas alumnas do centro:
1º Premio de categoría de Construcción.
1º Premio de categoría de Colaxe.
5. Busca de información sobre a vida e obra de Eugenio Granell, pequenas pinceladas para unha próxima visita.

6. Visita ás salas da Fundación Granell de Santiago onde participan nun taller de construción de “Cadáveres Exquisitos”.
7. Buscamos e comparamos as obras que coñecemos con outro surrealista, esta vez español de renombre, Salvador Dalí. O alumnado confeccionou caretas surrealistas con tal motivo co material de refugallo.
8. Recollida de información doutra corrente artística, o Expresionismo Abstracto. ¿ En qué consiste?, ¿Cáles son as súas características?, ¿Quen é o seu representante por excelencia?, nacionalidade, época, coñecemos a Jackson Pollock.
9. Sae unha noticia no xornal sobre unha obra de Jackson Pollock e a polémica do seu valor. Un alumno recoñe a reseña. Comentamos a noticia e as opcións.
10. O alumnado de 5º e 6º elabora sobre unha porta reciclada do colexio un mural expresionista traballando a maneira de... Jackson Pollock.
Úsanse utensilios imitando o traballo do artista para salpicado e goteo: paus, pinces, botes furados, brochas...
11. Buscamos información sobre unha artista expresionista galega admiradora de Pollock, “Menchu Lamas”, estudiamos o seu estilo e forma de traballar.
12. Os alumnos de 3º e 4º visitan a exposición de Menchu Lamas que oferta o CGAC na súa programación cunha visita guiada. Alí poideron adentrarse na obra de gran tamaño da artista.
13. De volta o centro 3º e 4º elaboraron dous murais sobre portas recicladas traballando “ maneira de... Menchu Lamas”.

O alumnado experimenta cos grandes soportes con utensilios traballados pola artista: rodillos, vasoiras, plantillas, brochas, esponxas...

14.O alumnado dos dous ciclos participa nun taller literario de man de Celso Fernández, sobre o seu traballo no taller de calzado.

15.As obras elaboradas no taller de Intervencións sobre calzado como soporte creativo expóñense na biblioteca do centro para que os pais do alumnado poda visitalos.

16.Participouse no xornal do colexio cun poema redactado polos alumnado de 4º curso sobre o seu traballo cos zapatos.

Actividades pendentes:

Para o próximo curso está previsto que os obxectos intervenidos artisticamente polo alumnado do centro sexan expostos en salas de Santiago e Outes.

PLAN DE AVALIACIÓN:

A avaliación do traballo aquí exposto foi altamente positivo, o proxecto elaborado baixo unha perspectiva maioritariamente expresiva conseguíronse aparte dos logros formulados en forma de obxectivos específicos fomentar a reflexión e o diálogo entre o alumno e a arte.

Abríu unha visión nova ó gusto pola arte contemporánea lonxana en moitas ocasións da figuración que fai inxustamente ca obra sexa valorada para deixar paso a unha actitude de tolerancia e respecto.

De forma máis específica valoro positivamente o traballo por:

- Despertar no alumnado o gusto polas visitas ás salas de arte.
- Estimular a súa capacidade expresiva mediante a incansable experimentación do alumnado.
- O recoñecemento do valor expresivo do material de refugallo.
- A resposta do alumnado a proposta de compartir o material.

